exposicións

«La historia del Blues»

Versión en banda deseñada do último álbum do grupo de *rock* vigués Siniestro Total. Orixinais de Santiago Sequeiros, Del Peral Pineda, Víctor Aparicio, Xulio Daspastoras, Javier Olivares, Bernardo Vergara, Álex Fito, Miguelanxo Prado, José Luis Ágreda, Calo, Antón Patiño, Max, J. Carlos Pérez, Gallardo e Miguel Ángel Martín.

Coa colaboración de Under Cómic.

No Museo Municipal.

«Ustedes perdonen»

Ilustracións orixinais dos dous primeiros volumes da nova colección humorística «Sin Hueso» de Ediciones Sinse Ntido. Humor gráfico do sempre xenial Daspastoras.

No Museo Municipal.

«Raúl y Andrea, a la fuerza ahorcan»

Orixinais, bocetos e probas de cor do álbum realizado por José Luis Ágreda, con cores de Bernardo Vergara e guión do popular dúo humorístico Gomaespuma. A mostra inclúe orixinais doutros traballos de Ágreda para distintos medios, como *El País Semanal* ou *Nosotros somos los muertos*.

No Sala de Exposicións do Claustro de San Francisco.

«Cita na Habana»

Pranchas orixinais do álbum de BD de Fran Jaraba publicado por Xerais. Un documentado achegamento á Guerra de Cuba, nun libro de cómic que supón un fito fundamental do medio en Galicia.

No Museo Municipal.

«Aventura no camiño de Santiago»

Pranchas orixinais e bocetos da BD seriada de temática medieval que o galego Primitivo Marcos está a publicar en caderniños de distribución en centros escolares. Coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo.

No Museo Municipal.

Limaía produccións

Storyboards, bocetos e exercicios varios levados a cabo no curso de animación desenvolvido por esta productora en Piñeira de Arcos (Sandiás, Ourense) durante o curso 1999/2000.

Na Casa da Xuventude, salón de actos.

Miguel A. Robledo

Orixinais das ilustracións e animacións deste artista ourensán para o CD-Rom *Galingua*, acompañadas de ilustracións para revistas como *BEM* ou *Gigamesh* e de páxinas de BD para distintos medios, como a revista *Golfiño*.

Na Casa da Xuventude, primeiro andar.

«Para além dos olivais»

Pranchas das BDs que compoñen o álbum do mesmo título, a cargo dos autores e autoras lusos André Carrilho, Luís Lázaro, Marta Anjos, Ana Cortesão, Pedro Cavalheiro, Pedro Burgos, Daniel Lima, João Lázaro, Cátia Serrão, Nuno Saraiva, Fernando Guerreiro e Jorge Mateus. Exposición creada pola Bedeteca de Lisboa, editora do álbum.

Na Casa da Xuventude.

I Concurso galego de imaxe artística - Banda Deseñada

Gañadores e gañadoras das tres categorías do novo certame organizado pola Dirección Xeral de Xuventude na súa modalidade de Banda Deseñada, incluíndo o Premio Ourense ó mellor autor novel.

Na Casa da Xuventude.

Expofanzines 2000 Exposición internacional de fanzines e prozines

Undécima edición desta exposición de publicacións independentes de todo o mundo: as últimas incorporacións á Fanzinoteca da Casa da Xuventude de Ourense, conformada por arredor de 1.500 títulos diferentes procedentes dunha trintena de países, desde Brasil ata Finlandia. Unha exposición para ollar, tocar e ler.

Na Casa da Xuventude.